



RESOLUCIÓN DE 16 DE OUTUBRO DE 2014, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A VINCULACIÓN TEMPORAL DE CATRO PRAZAS DE FACULTATIVO ESPECIALISTA EN PEDIATRÍA E ÁREAS ESPECÍFICAS, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN DE 22 DE OUTUBRO DE 2013.

Mediante Resolución de 22 de outubro de 2013 do Xerente de Xestión Integrada da Coruña convocáronse, para vinculación temporal por concurso de méritos, prazas de diversas especialidades de persoal licenciado sanitario.

Por Resolución de 3 de outubro de 2014, fixéronse públicos os acordos da Comisión de avaliación da especialidade de Pediatría e Áreas Específicas (nomeada por Resolución da Xerencia da EOXI Coruña do 9 de abril de 2014), cos resultados obtidos polos aspirantes concorrentes, abrindo un prazo de reclamacións para que os interesados presentaran as que considerasen pertinentes. Transcorrido o prazo regulamentado e sen constancia de reclamacións, esta Xerencia

RESOLVE:

- Elevar a definitiva a listaxe provisional de puntuacións acadadas polos aspirantes.
- Seleccionar para a cobertura das prazas aos candidatos:

ALEJANDRO ÁVILA ÁLVAREZ: 52,27 puntos
IRIA GONZÁLEZ RIVERA: 63,85 puntos
ANA MORENO ÁLVAREZ: 56,77 puntos
INES VERGARA PÉREZ: 62,64 puntos

De acordo coa base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de toma de posesión dun mes para que os candidatos formalicen o nomeamento. O prazo comezará a contar dende o venres 17 de outubro de 2014.

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes dende a súa publicación, conforme ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

A Coruña a 16 de outubro de 2014
XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA



Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña

XERENCIA

Xerencia de Xestión Integrada

Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga